

CORONADIARIO

CEIP SAN ROQUE - 4º EP

Número 17

Venres, 9 de outubro de 2020

UXÍA

A min paréceme xenial que teñamos a tecnoloxía para poder estudar dende a casa. Ás vecesponse en contra nosa si non hai cobertura, wifi, datos... pero agora máis que nunca únenos e é a nosa alidada.

NOA

Paréceme bastante difícil pero é "guai". Eu, por sorte, non teño ningunha dificultade porque teño un "ruter" que emite wifi e podo conectar a tableta e o ordenador, e cando a wifi non vai ben podo conectarme dende o teléfono dos meus pais.

ALEJANDRO

Estou dacordo coas clases telemáticas aínda que non me sole ir a conexión e teño que usar o 4G dos meus pais. Tamén estou impaciente por usar a aula virtual e gústame utilizar os libros dixitais. Todo isto paréceme estupendo.

Ensino presencial e telemático



Este curso temos que combinar traballo presencial e telemático. É difícil pero temos que estar preparados para poder seguir aprendendo dende a casa.



AITOR

A min as novas tecnoloxías gústanme moito. Coido que é importante aprender a utilizalas por si volvemos a ter que quedar na casa.

IRIA

A min paréceme interesante o uso das novas tecnoloxías porque nos permite traballar a distancia e sen desprazamentos, isto reduce o consumo de gasolina e así evitamos un pouco a contaminación. Ademais, na actualidade, diminúe o risco de contaxio porque favorece a distancia de seguridade. O problema que ten é que corremos o risco de que nos cree adicción e si hai problemas de conexión a internet non se poden facer as actividades, como me pasou a min hoxe.

ÍKER

A min o teletraballo para aprender paréceme un pouco lío porque nos perdemos a explicación e porque quero estar cos meus amigos.

LAURA ROMERO

A min paréceme ben que fagamos actividades telemáticas xa que é bo saber máis de tecnoloxía, pero da un pouco a lata porque é bastante difícil.

AARÓN

Este curso combinado paréceme un pouco difícil polo COVID-19: ter que estar coa máscara todo o tempo, xogar sen tocar as cousas, por non compartir e por ter medo a coller o coronavirus. As clases telemáticas a min parécenme xeniais, pero tamén complicadas por si non entendo algo. Espero que mellore todo isto.

JULIA

A miña opinión é que me gusta traballar co ordenador, pero non me gusta estar separada dos compañeir@s da clase.